

NOTA PRENSA

DIM 2024 no MARCO

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

Museos pola educación e a investigación

Programacion especial do mércores 15 ao sábado 18 de maio



Neste 2024, o MARCO celebra o Día Internacional dos Museos (18 de maio) cun programa de actividades para distintos públicos, que se desenvolverá do mércores 15 ao sábado 18 de maio. En liña co lema elixido polo ICOM para esta edición, trátase de subliñar a importancia dos museos como institucións educativas dinámicas que fomenten experiencias de aprendizaxe conscientes, sostibles e integradoras.

Museos pola educación e a investigación

“Os museos son centros educativos dinámicos que fomentan a curiosidade, a creatividade e o pensamento crítico. En 2024, recoñecemos a súa contribución á investigación, proporcionando unha plataforma para a exploración e a difusión de novas ideas. Dende a arte e a historia ata a ciencia e a tecnoloxía, os museos son espazos vitais onde a educación e a investigación converxen para dar forma á nosa comprensión do mundo.”

+ INFO en ICOM <https://n9.cl/c0512>

#DIM2024 #IMD24 #MuseosEducacionInvestigacion #InternationalMuseumDay #Museums4Education #Museums4Research @ICOMOfficial

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

MÉRCORES 15 maio

III Xuntanza de Bibliotecas, Arquivos e Centros de Documentación de Vigo

Xornada técnica para profesionais de Bibliotecas, arquivos e centros de documentación MARCOteca (1º andar) de 10.00 a 13.30



O mércores 15 terá lugar a III Xuntanza de Bibliotecas, Arquivos e Centros de Documentación de Vigo, organizada pola Biblioteca-Centro de documentación do MARCO, co obxectivo de intercambiar coñecementos e experiencias sobre as súas áreas de traballo, retomando as conclusións do 1º e 2º encontro celebrados en 2021 e 2023.

Nesta ocasión, o punto de partida será a experiencia da BAM (Biblioteca e Arquivo Municipal) de Betanzos, recentemente distinguida co Premio á Innovación Bibliotecaria 2023, a través da charla do seu director, Anxo Arcay: "BAM Betanzos: abrir a historia á veciñanza". A continuación, retomando o formato da 1ª edición, iranse sucedendo as intervencións de cada participante, a través de comunicacións breves nas que se tratarán proxectos específicos ou especialmente relevantes polos seus contidos ou repercusión, e de Iria Fernández Mouriz, responsable da Biblioteca-Centro de documentación do MARCO, como entidade convocante e coordinadora deste encontro.

Participantes: Arquivo ANFACO, Arquivo Municipal de Vigo, Arquivo Francisco Fernández del Riego, Arquivo Fundación Penzol, Arquivo da Universidade de Vigo, Biblioteca AFundación Teatro, Biblioteca Central da Universidade de Vigo, Biblioteca. EOXI-VIGO. Hospital Álvaro Cunqueiro, Biblioteca da EMAO Escola Municipal de Artes e Oficias, Biblioteca da EOI Escola Oficial de Idiomas, Bibliotecas Escolares (Coord. da provincia de Pontevedra), Biblioteca Fundación Carlos Casares, Biblioteca Fundación Évame Oroza, Biblioteca Fundación Penzol, Biblioteca Francisco Fernández del Riego, Biblioteca do Instituto de Estudos Vigüeses, Biblioteca do Instituto de Investigacións Mariñas, Biblioteca ONCE, Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO.

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO


Presentación e proxección de catro curtametraxes de Eduardo Soutullo

XOVES 16 maio

Charla de Eduardo Soutullo, en conversa coa xornalista Amaia Mauleón
Galería A3 (planta baixa) ás 19.00, e proxección das curtametraxes

Do venres 17 ao domingo 19 de maio

Proxección en continuidade no horario de apertura do Museo
Venres e sábado de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00. Domingo de 11.00 a 14.30
Galería A3 (planta baixa)
Aberto ao público en xeral



- 1: **Fons Vitae: a New Era for the Planet** (10 min.)
- 2: **Songs to the Dead Children in Auschwitz** (12 min.)
- 3: **Canciones para después de una revolución** (5 min.)
- 4: **A Ukrainian Trojan Horse Enters Russia** (12 min.)

Compositor e director de curtametraxes, **Eduardo Soutullo** é **Premio Nacional de Música 2023 (Ministerio de Cultura)** na modalidade de composición. Comezou a súa formación musical no Conservatorio Superior de Música de Vigo, e posteriormente trasladouse a **Madrid** e **París** para completar os seus **estudos de Harmonía e Composición**. Realizou o **Ciclo Superior de Imaxe e Son no CIFP Imaxe e Son (Escola de Imaxe e Son-EIS) da Coruña**. Máster pola Universidad Complutense de Madrid, é doutor pola Universidade de Vigo cunha tese sobre Música Contemporánea en España. Os seus galardóns e distincións como compositor inclúen o Segundo Premio na edición 2008 do Premio Reina Sofía de Composición Musical, entre moitos outros, e as súas obras sinfónicas foron interpretadas por directores e orquestras de todo o mundo. A proxección das súas curtametraxes no MARCO supón a súa estrea en Galicia, como é o caso da moi premiada *Songs to the Dead Children in Auschwitz*, que obtivo, entre outros, o Ecumenical Community Award. 11th AGON International Archaeological Film Festival (Atenas, maio 2022) onde o presidente do Xurado foi Konstantinos Costa-Gavras, gañador de varios Premios Oscar.

+ INFO en https://en.wikipedia.org/wiki/Eduardo_Soutullo

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

Presentación e proxección de catro curtametraxes de Eduardo Soutullo

FONS VITAE: A NEW ERA FOR THE PLANET **FONS VITAE: UNHA NOVA ERA PARA O PLANETA**

Curtametraxe de ciencia ficción, 2022, 10 min.

Dirección, guion, montaxe e música: Eduardo Soutullo

Imaxes de arquivo cedidas por National Aeronautics and Space Administration NASA para o certame

<https://www.cinespace.org/>

+ INFO <https://www.imdb.com/title/tt29672730/>

SINOPSE: *Fons Vitae* (A Fonte da Vida), un superordenador internacional instalado nun satélite, é programado para acabar cun virus que está a acabar coa vida na Terra. O seu éxito abre unha nova era de perfecto equilibrio ecolóxico para o planeta, pero con consecuencias insospeitadas para a especie humana... Unha nova cápsula do tempo, similar ao "Disco de Ouro" das dúas sondas espaciais Voyager, é lanzada polo superordenador para actualizar a información sobre a Terra e explicar o sucedido.

PREMIOS: Best Editing nominee, 17th Grand OFF Film Festival (Varsovia); Selección Oficial, 5th The Wild Cinema. Festival Intenacional de Cinema de Medioambiente (Vigo); Official Selection, American Documentary and Animation Film Festival (Palm Spring, Los Angeles); Official Selection, First-Time Filmmaker Sessions by Lift-Off Global Network (Pinewood Studios, UK).

SONGS TO THE DEAD CHILDREN IN AUSCHWITZ **CANCIÓNS PARA OS NENOS MORTOS EN AUSCHWITZ**

Curtametraxe documental, 2021, 12 min.

Dirección, guion, montaxe: Eduardo Soutullo

Actriz e voz en off: Anastasia Syrjanowa

Tradución ao alemán: Micha Zielke

Música: *Kindertotenlieder*, de Gustav Mahler

+ INFO <https://www.imdb.com/title/tt26658394/>



SINOPSE: Os catro elementos: lume, auga, vento e terra. Catro das "Canciós dos nenos mortos" compostas por Gustav Mahler. Catro testemuños do campo de concentración de Auschwitz sobre a historia real de Gisella Perl, a xinecóloga prisioneira que axudou a abortar a centos de reclusas para impedir que o oficial nazi e médico Joseph Mengele as utilizase para os seus experimentos e viviseccións.

PREMIOS: The Ecumenical Community Award. 11th AGON International Archaeological Film Festival (Atenas), maio 2022. Presidente do Xurado: Konstantinos Costa-Gavras; Premio Mellor Documental. Kursaal Film Festival (San Sebastián) setembro 2021; Segundo Premio Mellor Documental. Festival Internacional de Cine Social de Castilla La Mancha, outubro 2021; Segundo Premio Mellor Documental. "AMUA in-edit" Musical Film Festival (Hondarribia, Donostia), decembro 2021; Premio Mellor Edición & Premio Mellor Guion. 5^o Festival de Cine Memoria Democrática / Cineteca de Matadero Madrid. Presidente do Xurado: Manuel Gutiérrez Aragón; Sección Oficial. Near Nazareth Festival (NNF) International Film Festival (Israel), xuño 2021; Sección Oficial. 21th Seoul International ALT Cinema & Media Festival (Corea do Sur), agosto 2021; Sección Oficial. Festival de Cine Solidario de Guadalajara (España); Sección Oficial. 12th Educational Film Festival EDUKINO (Varsovia, Polonia), novembro 2021; Sección Oficial IX Festival de Cortometrajes Diputación de Jaén contra a violencia de xénero, novembro 2021.

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura y Deporte

Príncipe 54. 36202 Vigo. Tel: 986 113900. info@marcovigo.com www.marcovigo.com

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

Presentación e proxección de catro curtametraxes de Eduardo Soutullo

CANCIONES PARA DESPUÉS DE UNA REVOLUCIÓN CANCIÓNS PARA DESPOIS DUNHA REVOLUCIÓN

Curtametraxe documental, 2022, 5 min.
Dirección, guion, montaxe: Eduardo Soutullo



SINOPSE: Evocación da situación actual de Cuba a través de cancións populares cubanas montadas sobre imaxes que buscan darlle outro significado.

PREMIOS: Sección Oficial Festival Internacional du Film Amateur de Kelibia (Túnez); Sección Oficial Olive-Harvey College Criminal Justice Short Film Fest (Chicago); Sección Oficial Lane Doc Fest (Jackson, Tennessee); Sección Oficial ONED Art/Experimental Film Festival (Toulouse); Sección Oficial V Muestra Internacional de Cortometraje Solidario (Ciudad Real); Sección Oficial Flickyy Monthly International Creative Fest (Kolkata, India); Sección Oficial AMUA. Festival de Cortometraje Musical de Hondarribia; Sección Oficial Festival Internacional de Cortometrajes de Temática Social de Berriozar (Navarra).

A UKRAINIAN TROJAN HORSE ENTERS RUSSIA UN CABALO DE TROIA UCRAÍNO ENTRA EN RUSIA

Curtametraxe documental, 2023, 12 min.
Producción, dirección, guion, montaxe: Gondwana
Música: Eduardo Soutullo



SINOPSE: Documental sobre a obra sinfónico-vocal composta por Eduardo Soutullo sobre os poemas de Lesya Ukrainka e que denuncia a invasión de Ucraína por Rusia de 2022. Por esta obra sinfónico-vocal Eduardo Soutullo foi galardoado co Premio Nacional de Música 2023 do Ministerio de Cultura.

PREMIOS: Premio Nacional de Música 2023 do Ministerio de Cultura; Sección Oficial. PTAKH. Ukraine International Film Festival in UK (Londres); Sección Oficial. Ukrainian Dream Film Festival (Kiev); Sección Oficial. Dispatches of War (Kiev).

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

XOVES 16 maio

ESCOLA DE MESTRAS

Xornada sobre recursos e materiais para educación infantil

Conducida por Ash Santos, en colaboración con Iria Costas e Maria Xosé Martínez

Para profesorado de Educación Infantil e primeiros cursos de Primaria, estudantes de Maxisterio, FP, Belas Artes, e outros estudos nas áreas de ciencias sociais, pedagogía e psicología. Aberta tamén a nais, pais, e persoas interesadas no ámbito da educación artística.

MARCOteca (1º andar) e Espazo Anexo

PROGRAMA:

De 17.30 a 18.30 = charla de Alberto Santos (Ash) + proposta editorial de Lasal Books (Iria Costas)

18.30 = pausa café

De 19.00 a 20.30 = obradoiro práctico conducido por Alberto Santos e Maria Xosé Martínez (MARCO Didáctica)

Gratuito. Prazas limitadas a un máximo de 30 participantes

Imprescindible inscrición e reserva no seguinte formulario 📄 <https://forms.gle/TGsvw6pj3mJrrPWg7>



Un encontro orientado a profesorado e estudantes de Educación Infantil no que traballaremos aspectos esenciais da didáctica da expresión plástica dende unha perspectiva contemporánea, a través dunha selección de recursos e publicacións (*Imagínatelo*, de Molly Bang; *El punto*, de Peter Reynolds; *Pequeño azul y pequeño amarillo*, de Leo Lionni; *Rizos de Oro y los tres osos*, de Olivier Douzou). Os contidos estrutúranse en torno á lectura de imaxes, o simbolismo e a autoexpresión, enlazándoos con actitudes e dinámicas de traballo na aula.

A Xornada está conducida por Alberto Santos / Ash (profesor de didáctica na EU de Maxisterio, cunha ampla traxectoria como docente, artista e comisario) e Iria Costas (responsable de LASAL BOOKS), en colaboración con Maria Xosé Martínez (MARCO Didáctica).

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

SÁBADO 18 maio

LUMES no Anexo / Xornada de robótica, educación dixital e IA

Obradoiro de robótica, exhibición/competición de robots, e faladoiros sobre proxectos punteiros en novas tecnoloxías

Organizado por Asociación Cultural no Meio e Meio, e conducido por profesionais do ámbito da robótica educativa, robótica aplicada, uso das tecnoloxías e Intelixencia Artificial

Espazo Anexo, de 11.00 a 21.00

**NO
MEDIO
MEIO**
PRODUCTIONS



En liña co lema do Día Internacional dos Museos 2024, esta xornada ten como principal obxectivo formular algúns dos desafíos da aprendizaxe no século XXI, a cabalo da creatividade, a imaxinación, e o método científico. Trátase de ofrecer ferramentas modulares, prácticas e lúdicas, para a inclusión dixital dos maiores, e para unha saudable alfabetización virtual dos menores.

A través dun programa dinámico e participativo, que inclúe un obradoiro para público familiar, unha mostra/exhibición de autómatas, e sesións de intercambio de experiencias con profesionais e microempresas do ámbito das novas tecnoloxías, estimularemos as habilidades culturais e o pensamento lóxico a través do traballo en grupo e a comunicación interxeracional.

PROGRAMACIÓN DIM 2024 no MARCO

SÁBADO 18 maio

LUMES no Anexo / Xornada de robótica, educación dixital e IA

De 11.00 a 14.00

Robótica educativa

Obradoiro en familia (construción dun Escornabot) conducido por **ROBOteach**

Para público infantil de 8 a 12 anos acompañados de persoas adultas

Escornabot: robot educativo programable, Open Source, deseñado en Galicia e testado amplamente para diferentes niveis de coñecemento.

Gratuíto. Prazas limitadas a un máximo de 8 grupos familiares de ata 3 persoas

Imprescindible inscrición e reserva a través do email comunicacion@marcovigo.com

De 16.30 a 17.45

Robótica de competición

Exhibición de autómatas (robots sigueliñas, minisumo e resolve-labirintos) conducida por **OPRobots**

Entrada libre ata completar capacidade

Mostra práctica de robots de campionato, polo equipo galego de competición OPRobots, fundado en Vigo en 2017.

De 18.00 a 18.45

Robótica aplicada/Agrorrobótica

Faladoiro con **Binarial S.L.**

Entrada libre ata completar capacidade

Binarial, start-up compostelana no ámbito da innovación tecnolóxica, preséntanos o seu robot educativo Compy, xunto a outras liñas de traballo e aplicacións de robótica colaborativa para o sector industrial.

De 19.00 a 19.45

Tecnoloxía e escola

Faladoiro con **Almudena Alonso Ferreiro**

Entrada libre ata completar capacidade

Mestra, psicopedagoga especialista en Educación Infantil, e investigadora, a súa charla xirará ao redor da incorporación e aplicación das tecnoloxías dixitais nos centros de ensino.

De 20.00 a 21.10

IA ética e responsable

Faladoiro con **Amparo Alonso Betanzos**

Entrada libre ata completar capacidade

Xunto a Amparo Alonso, coordinadora do grupo de investigación LIDIA [Lab i+d IA] do Centro de Investigación en TIC (CITIC) da UDC, descubriremos moito máis sobre os retos da Intelixencia Artificial e o seu potencial transformador en ámbitos como a economía, o emprego, ou a educación.

Contacto Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113900 ext. 308 / +34 886 129061

comunicacion@marcovigo.com